

O OFICIO DE TODA UNHA ALDEA ▶ No século pasado, a fabricación artesanal de cadeiras foi unha fonte crucial de ingresos ata nunha decena de casas da aldea castroverdesa de Tórdea. Hoxe en día, José Luis Castro Gómez é o único veciño que segue con esa tradición, de orixe incerta. Xa ten aprendiz e soña con abrir un museo dedicado aos silleiros.

O último silleiro de Tórdea



DE NORTE A SUR
POR
PABLO RODRÍGUEZ

no que garda cadeiras de distinto tipo e épocas: escolares, de costura, de comedor, reclinatorias...

A viveza herdouna do avó, que cando acababa de facer unha remesa «faltaba unha xora de contento que se poñía, porque sabía que ían entrar cartos», recorda cun sorriso. De quen aprendeu o oficio foi do seu pai, falecido hai un ano. «Morreu con 91 e aos 85, con axuda, seguía facendo cadeiras», conta. A súa nai e a súa tiña poñían o seu gran de area e tecían —facían os asentos co xunco—.

Luis lembra ver de mozo como o seu pai «cargaba no macho ata 40 cadeiras, para mandalas a Sarria ou levalas ao tren a Laxosa, para enviarlhas a clientes da Coruña e Benanzos». Como anécdota, conta que cando ao seu pai se lle acumulaban os encargos, compraba cadeiras a veciños e graváballe a marca de Casa Xanín (unha estrela), manobra que non sempre pasaba desapercibida. «Tiña un bo cliente na Coruña, José González, que se recibía esas cadeiras reprimdiado: 'Manolo, non mandes das outras, manda das tiñas'».

Un día, con 17 anos, Luis empezou a argallar mentres o seu pai estaba fóra. «Chegou de Sarria e eu tiña sete cadeiras armadas. Preguntoulle á miña nai quen as fixera e dixó: 'Pois estache ben'», lembra con orgullo.

AFECCIÓN. Para Luis, que traballa desde hai décadas nunha gasolinería de Lugo, facer cadeiras é unha afección. Gústalle pasar tardes libres e fins de semana no taller. Se non ten pezas xa preparadas, facer unha cadeira lévalle «dous ou tres días».

A súa única máquina é unha motoserreta para cortar troncos de castiñeiro ou cerdeira, a madeira que usa. Logo, primeiro co mazo e logo coa macheta, saca dela as pezas: pés dianteiros e traseros, trabillas... Despois labraas (dálle forma) e ensámblasas. O proceso segue co tecido do asentto, unha fase complexa para a que «non chegan sete horas», di. Luis usa xunxá que recolle nos humedais. Esa planita, cun talo de sección triangular, é «máis dura» que o xunxo, cun talo de sección circu-

lar que aguantan menos e «é para as cadeiras malas». Despois veñen torneado, limpeza e vernizado.

Para este castroverdés, narmorado do oficio, o de menos é o que lle pagan polas cadeiras. «Hai pouco, nun encontro de artesáns no Courel, un rapaz deume por unha 120 euros e outro pedíunme silleiros para el e a muller e min preguntou o prezo... Tamén se regala algunha se o paisano che cae ben», explica.

CON APRENDIZ. «É un espectáculo velo, fai nun día o que a min me leva catro meses». Así resume Mario Lombardía o traballo de quen lle está descubrindo os segredos do oficio. Este veterinario monfortino asentado en Lugo, afeccionado á cestería, soubo de Luis de casualidade hai tres anos, cando preguntou por unha cadeira nunha casa do Corgo: «Dixéronme que había un señor que aínda as facía en Tórdea e vin coñecelo».

«É bo aprendiz, aínda que ás veces se despista», bromea Luis sobre Mario, quen ve inconcibible «que ningún saiba disto can-

do hai centos destas cadeiras só en Castroverde. Tiña que dárselle importancia». Tanto Mario como a filla de Luis, Iria, quen tamén aprendeu a tecer, animárono a difundir esa tradición e xa visita algunha feira. O soño deste artesán é que no concello abra un museo sobre este e outros oficios, «porque en Castroverde tamén houbo ferreiros, zoqueiros, cesteiros...».

Nesa teima da divulgación, hai pouco Luis e Mario coñeceron o etnógrafo Xosé Manuel González Reboredo, do Museo do Pobo Galego, nunha charla sobre oficios itinerantes. Explicáronlle que este tamén o era e contactaron, como exemplo, que «hai 50 anos o señor Florencio —un veciño— pasou un inverno en Lámcar facendo cadeiras para toda a vila». A falta de rexistros sobre os silleiros de Tórdea no catastro de Ensenada, do século XVIII, fállese pensar que o oficio chegou a Tórdea hai menos de 200 anos, pero tanto eles como Reboredo están decididos a dar con esas orixes. Mentres indagan no pasado, nas mans de Luis e Mario está agora o seu futuro.



Taller Un museo

O taller de Luis é un museo vivo. Entregas as ferramentas usadas antes polo seu pai e o seu avó: dende uns tronçons e un torno «da época dos romanos», bromea, ata as mesas de acoteliar, armar e tecer. JIMÁQUEZ